



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CONVOCATORIAS PROMOCIÓN INTERNA

No día de hoxe a Admón xuntounos para tratar as distintas **convocatorias de promoción interna do ano 2009**. Coma sempre, tarde, con presas, e sen posibilidade algunha de discutir e ter en conta as nosas propostas, pois, segundo nos informa a AEAT, vánse publicar as distintas convocatorias no BOE do **7 de xullo**. Neste sentido, manifestamos a nosa indignación polo retraso desta reunión, pois entendemos que non é máis que unha manobra da AEAT para evitar a negociación das cuestións do Acordo de Promoción Interna do ano pasado que están pendentas de tratar, como son entre outras, a negociación da promoción interna ao subgrupo A1, a redución de materias por antigüidade, a simplificación dos distintos exames, e, en xeral, a mellora do sistema de promoción interna na AEAT.

A AEAT infórmanos tamén dos datos dos funcionarios participantes nas convocatorias de 2008 que, por non superar a oposición, teñen dereito a conservar o aprobado dos exercicios superados durante dúas convocatorias. Estes datos son: Corpo Executivo, 6 aspirantes, Corpo Técnico 105 aspirantes (24 con reserva do primeiro exame, e 81 con reserva do primeiro e segundo exame), e Xestión de Informática, 5 aspirantes. A Administración comenta que, para que sexa efectiva a reserva do aprobado, debe constar debidamente na instancia para o exame destas dúas convocatorias.

Desde a CIG poñemos de manifesto nesta reunión as seguintes incongruencias caecidas nas convocatorias dos procesos selectivos do 2008:

- A AEAT deixou vacantes o 67% das prazas do CTH de promoción interna e 33 prazas na convocatoria de Axentes Tributarios. Iso demostra que o sistema de promoción interna é moi mellorable e que a Formación Continua da AEAT ten moitísimas carencias e non serve para preparar as distintas probas.
- Elimínouse no 3º exame do CTH, a posibilidade de elixir tema para desenvolve-lo por escrito, entre os 2 propostos, como se viña facendo ano tras ano.
- Nas probos de acceso ao SVA establécese unha idade mínima de 16 anos (a AEAT esquecese de que estes funcionarios portan armas e se lles exixe carnet de conducir e iso non é posible ata os 18). Tamén no SVA, establécese unha idade máxima de acceso de 55 anos amparándose na existencia dunha situación de "Segunda Actividade" para os funcionarios do SVA a partir desa idade ¿? (será na súa imaxinación, pois que saibamos, e a día de hoxe, a Segunda Actividade no SVA non está regulada...)
- Tamén no SVA, e para o acceso ao Corpo Executivo, a AEAT penaliza, de xeito manifesto, que o funcionario Axente do SVA, opte por cambiar de especialidade, pois practicamente ten a mesma materia que se fose pola convocatoria libre.

Esperamos continuar a reunión o vindeiro martes, aínda que, como xa dicíamos no principio da nota informativa, hai pouco marxe para debatir coa AEAT, pois as convocatorias sairán publicadas no BOE do 7 de xullo.

SEGUIREMOS INFORMANDO

25/06/09

CIG AEAT

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

EXT:868 89 - TELF:981 61 68 89-687 82 15 44